



CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA OUTORGADA POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á ENTIDADE CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACCIÓN “CENTRO DE ATENCIÓN DIÚRNO TERAPEÚTICA. FINGOI- LUGO” NA ANUALIDADE 2019, (APROBADO POR RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA).

Lugo, de de 2019

INTERVEÑEN

Dunha parte, don Darío Campos Conde, Presidente en funcións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sé social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local.

E doutra don Anxo Antón Queiruga Vila con DNI 76.778.938-Q na súa condición de presidente actúa en nome e representación da entidade Confederación Galega De Persoas Con Discapacidade en adiante Entidade beneficiaria, con C.I.F. G-32115941 e con sé social en Rúa Modesto Brocos, nº 7 3ª bloque baixos, 15704, Santiago de Compostela - Coruña con acreditación suficiente para a celebración deste acto, segundo consta no expediente tramitado a tal efecto.

Ante dona María Esther Álvarez Martínez, que actúa como Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade para a formalización do presente convenio.

MANIFESTANDO

Primeiro: Que no orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, consta unha subvención nominativa a favor da entidade Confederación Galega De Persoas Con Discapacidade, por importe de 30.000,00 €, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Centro de atención diúrno terapéutica. Fingoi- Lugo”, prevista tamén na Liña 3.2.1. Benestar Social da área funcional de Promoción Económica e Social do Plan Estratéxico de Subvencións desta Deputación 2017-2019 actualizado para 2019, en acordo da Xunta de Goberno, en sesión do 8 de febreiro de 2019.

Segundo: Que a Presidencia da Deputación mediante Decreto de data de de 2019, prestou aprobación ao presente convenio e anexos, que canaliza á subvención de 30.000,00 € a conceder á entidade Confederación Galega De Persoas Con Discapacidade co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da acción “Centro de atención diúrno terapéutica. Fingoi- Lugo” no ano 2019, atopándose incluída como subvención nominativa no Orzamento da Deputación para 2019.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ás obrigas económicas derivadas da subscrición do presente convenio na aplicación orzamentaria 2314.48900 polo importe de 30.000,00 €.

Cuarto: A Entidade beneficiaria achegou a documentación que acredita que cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario, segundo o establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei de Bases do réxime local, do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

E con base en tales antecedentes, ambas as dúas partes consideran oportuno formalizar este convenio e os seus anexos, con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Entidade beneficiaria e a Deputación de Lugo, coa finalidade de que o Organismo Provincial subvencione á Entidade beneficiaria cunha axuda económica que lle permita financiar os gastos derivados da execución da acción denominada “Centro de atención diúrno terapéutica. Fingoi- Lugo”, na anualidade 2019 e consistente en realizar actividades para potenciar a independencia funcional, as aptitudes cognitivas, comunicativa e a parte física para mellorar a participación social das persoas con discapacidade na súa contorna a traves da mellora do seu desenvolvemento autónomo

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total, inicialmente previsto, de execución da acción ou proxecto ascende á cantidade total de 33.009,50€, de acordo co orzamento achegado coa solicitude que consta no expediente.

A contratación de persoal para o desenvolvemento da devandita actuación non implica relación laboral algunha entre os traballadores e a Deputación, polo que non poderá esixirse a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto do presente convenio.

Considéranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro da anualidade 2019.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, compromisos e facultades.

Da Deputación:



- Subvencionar a acción ou proxecto cunha cantidade de 30.000,00 €, cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación subvencionada, xa que a lo menos, o 5 por cen da actuación subvencionada deberá ser financiada pola propia entidade beneficiaria.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, procederase á redución da parte proporcional da achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir en cantos actos públicos se celebren en relación coa actividade subvencionada.

Da Entidade beneficiaria:

- Á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como á obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución, que serán por conta da Entidade beneficiaria.
- Incorporar nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital), que aludan ou informen da actuación subvencionada, os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que deberá solicitalos ao Gabinete de Comunicación do Ente Provincial.
- Comparecer, por medio dos seus representantes legais ou persoa na que deleguen, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- A Entidade beneficiaria autoriza, coa sinatura do presente convenio e os seus anexos, á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitado, a actuación subvencionada, e a súa condición de entidade financiadora.
- Terá dereito a percibir o importe da subvención, unha vez presentada e aprobada a xustificación que se indica na cláusula sexta, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan no Anexo I deste convenio, de selo caso.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o cen por cen do importe da actuación subvencionada, debendo cumprir as determinacións legais e regulamentarias, entre outras, as que constan no Anexo II deste convenio.

Cuarta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases do orzamento xeral vixentes.



Quinta.- Promoción da actuación subvencionada.

A Entidade beneficiaria deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 31 do regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o beneficiario desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actividades (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actividades deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas desta subvención.

Sexta.- Xustificación e aboamento das subvencións.

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, a Entidade beneficiaria deberá xustificar a acción, proxecto ou conduta subvencionada, e en todo caso, como máximo o 31 de marzo de 2020. Logo de transcorrer este prazo sen ter presentada a documentación xustificativa, requirirase ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa achegada.

No desenvolvemento deste trámite aplicarase o previsto no artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro en canto a declarar, aos interesados, decaídos no seu dereito a este trámite.

A xustificación da subvención realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral vixente.

Recóllese no Anexo III do presente convenio a documentación que se debe achegar para a xustificación da subvención.

A falta de xustificación da subvención concedida, conforme ao réxime determinado nesta cláusula, conlevará a incoación do procedemento para declarar a perda do dereito á subvención, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta a tramitación do correspondente procedemento de reintegro e demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Cando concorra causa de resolución do convenio e existan actuacións en curso de execución, as partes asinantes, poderán acordar a continuación e finalización das devanditas actuacións en curso, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, dun máximo dun ano, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas.



Procederá o reintegro, en todo caso, dos fondos percibidos, nos supostos de incumprimento da xustificación e dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión da subvención e nos demais casos previstos neste convenio ou na normativa de aplicación.

Sétima.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.

Calquera actuación, consecuencia da actividade subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Oitava.- Publicidade das subvencións outorgadas.

Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do beneficiario, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorran algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.

Novena.- Vixencia do Convenio e modificación.

A vixencia do convenio estenderase ata a aprobación da súa xustificación e comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2019, aínda que en calquera momento e antes da finalización deste prazo, os asinantes do convenio poderán acordar de mutuo acordo a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.

Décima.- Carácter do convenio.

O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analogía puidesen resultar de aplicación. En particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Excm. Deputación Provincial, e no Plan Estratéxico de Subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo para as anualidades 2017, 2018 e 2019.

Undécima.- Plan de auditoría.



A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:

Comprobar a execución polos beneficiarios das actividades ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.

Verificar a existencia e custodia polo beneficiario das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.

Verificar a data de pago dos devanditos documentos.

Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

A xurisdición contencioso – administrativa será a competente para resolver todas as cuestións litixiosas que poidan xurdir.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 12 páxinas numeradas, incluídos os Anexos de referencia, en triplicado exemplar, e a un só efecto en lugar e data ut supra, ante min Secretaria que dou fe.

O PRESIDENTE, EN FUNCÍONS

O Presidente da Confederación Galega De
Persoas Con Discapacidade

Asdo.: Dario Campos Conde

Asdo.: Anxo Antón Queiruga Vila

A SECRETARIA XERAL,

Asdo.: María Esther Álvarez Martínez



ANEXO I

Anticipos

A Excm. Deputación Provincial de Lugo poderá realizar o aboamento anticipado do 80,00 % sobre o importe total subvencionado, é dicir, 24.000,00 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando fose solicitada a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, ter sido declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 09 de xullo, Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
3. Declaración responsable na que se faga constar que a Entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
5. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que poderá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.



ANEXO II

Subcontratación

A realización da actividade subvencionada será obriga persoal do beneficiario sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites da LXS e RLXS.

O beneficiario poderá subcontratar con terceiros ata o cen por cen do importe da actividade subvencionada.

En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custe da actividade subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.

No caso de que a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e dito importe sexa superior a 60.000,00 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS (que o contrato se celebre por escrito e que o mesmo sexa autorizado previamente pola Deputación de Lugo).

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

O beneficiario da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actividade subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- 1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na lei Xeral de Subvencións.
- 2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- 3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento esté xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou os servizos prestados.
- 4) Que estean vinculadas co beneficiario.
- 5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co beneficiario deberá cumprirse o seguinte:

- a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.
- b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o beneficiario será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Os contratistas quedarán obrigados só ante o beneficiario, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á Administración (art 29.5 da LXS).

ANEXO III

Xustificación das subvencións

GASTOS SUBVENCIONABLES

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do ano 2019. Cando non se estableza un prazo concreto, os gastos deberán realizarse antes de que finalice o ano natural no que se concedeu a subvención.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso o importe da subvención concedida poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados supere o custo total da actividade subvencionada.

GASTOS REALIZADOS

Son gastos realizados, e por tanto subvencionables, os xustificados na anualidade correspondente e que fosen efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou as súas prórrogas, no seu caso. O gasto realizado debe acreditarse coa presentación de facturas e/ou xustificantes de gasto oportunos, sendo necesario que o mesmo se atope pagado e que se acredite o seu pago.

A entidade beneficiaria deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. Dita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ate a súa total liquidación e extinción. Non se aboará a subvención si o beneficiario non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

XUSTIFICACIÓN

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte da entidade beneficiaria, da seguinte documentación xustificativa:

- Solicitude debidamente cumprimentada.
- Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da



subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:
 1. Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento (debedo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).
 2. Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pago. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, achegándoas, como mínimo, polo importe da subvención concedida. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos á entidade beneficiaria, beneficiaria da subvención, si así o solicita, unha vez estampillados polo órgano xestor.
- Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaecesen entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.
- Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, de 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, de 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concibidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se pague en efectivo deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo en data _____” asinado polo receptor, con identificación do mesmo



(NIF, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

- Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, con cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
- Declaración responsable na que se faga constar que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
- Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias ou fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
- Declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
- No caso de non executarse a totalidade da cantidade abonada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pago da achega ate a data na que se acorde a procedencia do reintegro, así como as restantes determinacións da lexislación vixente en materia de subvencións.

O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu abono no caso de que a entidade



beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e/ou fronte á Seguridade Social e/ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da axuda concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

(En todas as declaracións deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade)